

Concello de Mugardos
(A Coruña)

2/2022. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2022.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta e seis minutos do día 23 de febreiro do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso (que se incorpora á sesión unha vez comezada a mesma, ás 19.47 horas, durante a intervención do sr. Martínez Bardanca no cuarto punto da orde do día), D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretaria accidental a funcionaria Dna. Beatriz Santiago Yáñez, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 21.02.2022, e ao abeiro do establecido na Resolución da Alcaldía núm. 2022-0170, de data 21.02.2022.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26.01.2022 (1/2022).

8 min 13 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido, dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no mesmo, sométese o asunto a votación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 26.01.2022 (1/2022).

2.- DESIGNACIÓN DE NOVO/A SECRETARIO/A SUPLENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS.

8 min 37 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da proposta que se





Concello de Mugardos
(A Coruña)

somete ao Pleno. De seguido, e dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada pola alcaldía en data 25.01.2022 así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 03.02.2022, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Designar á nova secretaria suplente da Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación alcaldía do Concello de Mugardos ou Xunta de Goberno Local cando esta actúe por delegación da alcaldía, a Dna. Cristina Otero Taboada.

Quedando constituída, en consecuencia, a Mesa de Contratación permanente do órgano de contratación alcaldía do Concello de Mugardos ou Xunta de Goberno Local cando esta actúe por delegación da alcaldía, tal e como se relaciona de seguido:

PRESIDENTE/A: Juan Domingo de Deus Fonticoba.

1ª Suplente: Begoña Roldós Iglesias.

2º Suplente: José Miguel Mahía Prados

VOGAIS:

-O/A secretario/a da Corporación ou funcionario que o/a substitúa.

-O/A interventor/a municipal ou funcionario/a que o/a substitúa.

-O/A arquitecto/a técnico/a municipal.

SECRETARIO/A: Un/unha funcionario/a do Concello.

Titular: Beatriz Santiago Yáñez.

Suplente: Cristina Otero Taboada.

Segundo.- Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

Terceiro.- Publicar ademais, para dar maior difusión, a composición da Mesa de contratación no Boletín Oficial de la Provincia.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE POSTA EN MARCHA DE TÓDALAS MEDIDAS NECESARIAS PARA QUE AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONCELLO DE MUGARDOS COMO APORTACIÓNS DINERARIAS SE REALICEN MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA OU MEDIANTE TARXETA MOEDEIRO.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

9 min 10 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dalle a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.


9 min 28 s: Polo sr. Martínez Bardanca faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción; moción na que se insta ao Goberno Local a que con carácter urxente se poñan en marcha tódalas medidas necesarias para que as prestacións económicas xestionadas a través do Concello de Mugardos como aportacións dinerarias se realicen mediante transferencia bancaria ou mediante tarxetas moedeiro como medio para evitar a estigmatización, revictimización ou lesión da dignidade das persoas e/ou familias ou colectivos destinatarios de ditos servizos ou prestacións.

11 min 51 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

12 min 02 s: O sr. Mahía Prados agradece en primeiro lugar o tono construtivo da moción, e de seguido di que a maiores das axudas pola COVID-19 se verían afectadas polo acordo desta moción outro tipo de axudas que se conceden no Concello. De seguido di que no Concello non se realiza a entrega de bolsas ou paquetes e que o que se entregan son uns vales, e que algunhas das prestacións xa se fan por transferencia bancaria, e que todas estas prestacións se entregan cumprindo a normativa vixente na materia. A continuación di que se lles preguntou ás técnicas da área de servizos sociais si os mecanismos das transferencias bancarias ou das tarxetas moedeiro serían os máis axeitados para seguir a tramitar estas axudas e responderon que sobre o tema das transferencias bancarias para as axudas de alimentos o descartan porque despois de realizar a transferencia sería necesario realizar unha xustificación e fiscalización da axuda concedida, situación esta que as traballadoras recoñecen que non serían capaces de xestionar pola sobrecarga de traballo que isto significaría; e no referente ao tema da tarxeta moedeiro pola concelleira da área de benestar xa se está traballando en colaboración cos servizos sociais, e dende servizos sociais enténdese que a tarxeta ten que ser expedida polo propio supermercado, para o cal ten que existir un convenio regulador cos supermercados, e que o criterio da secretaría e da intervención municipal é que ten que levarse a cabo vía licitación. De seguido, o sr. Mahía Prados di que se está a traballar actualmente no tema da tarxeta moedeiro, porque cren que no referente ao tema da alimentación é cara a onde hai que ir, e que por iso comparten o fondo da moción; non obstante, quere facer unha





Concello de Mugardos
(A Coruña)

emenda á moción que sería engadir que a elección entre o uso das transferencias bancarias ou o uso das tarxetas moedeiro quede a criterio da traballadora social.

16 min 35 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, e dado que ningún concelleiro/a solicita a apertura dun segundo turno de intervencións, dalle a palabra ao relator da moción para que proceda ao peche da mesma.

16 min 46 s: O sr. Martínez Bardanca di que a moción vai dirixida, máis que nada, ao tema dos vales ao que facía referencia o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, para que non se empregue ese sistema e se empreguen as transferencias bancarias ou as tarxetas moedeiro, e que aceptan calquera modificación da moción no sentido do criterio de elección dun ou doutro sistema.


17 min 29 s: Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, coa emenda introducida durante o debate polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular e que foi aceptada polo relator da moción.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre a posta en marcha de tódalas medidas necesarias para que as prestacións económicas xestionadas a través do Concello de Mugardos como aportacións dinerarias se realicen mediante transferencia bancaria ou mediante tarxeta moedeiro, coa emenda introducida durante o debate polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Mahía Prados, no sentido de que a elección entre o uso das transferencias bancarias ou o uso das tarxetas moedeiro quede a criterio da traballadora social, e que foi aceptada polo relator da moción, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (5 PP, 2 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SOEN EN COMÚN), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno Local a que con carácter urxente, pónanse en marcha todas as medidas necesarias para que as prestacións económicas xestionadas a través do Concello de Mugardos como aportacións dinerarias realícense mediante transferencia bancaria ou mediante tarxetas moedeiro como medio para evitar a estigmatización, revictimización ou lesión da dignidade das persoas e/ou familias ou colectivos destinatarios dos devanditos servizos ou prestación; quedando a elección do uso dun ou doutro sistema a criterio da traballadora social que tramite o expediente.

4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE EMISIÓN DOS RECIBOS CORRESPONDENTES AO IVTM DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO CON PERIODO DE





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

PAGAMENTO VOLUNTARIO DE DURACIÓN BIMESTRAL QUE NON EXCEDA O 31 DE MAIO.

17 min 54 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dalle a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

18 min 13 s: Polo sr. Martínez Bardanca faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción; moción na que se insta ao Goberno Local a que se emitan os recibos correspondentes ao IVTM durante o primeiro trimestre do ano con periodo de pagamento voluntario de duración bimestral que non exceda o 31 de maio, como habitualmente se viña facendo no Concello de Mugarodos ata o ano 2016.

INCIDENCIA: Faise constar que neste momento, e sendo as 19.47 horas, durante a intervención do sr. Martínez Bardanca, incorpórase á sesión a concelleira Dna. Marta Ruiz del Ganso.

20 min 42 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

20 min 49 s: O sr. Mahía Prados di que comparten plenamente o acordo proposto na moción, pero que o padrón dos vehículos non se elabora no Concello senón que é a Xefatura Provincial de Tráfico a que remite o padrón, e que durante este ano xa teñen comunicado que o padrón consolidado o remitirán o día 1 de abril. De seguido di que unha vez recibido o padrón se cargan as exencións e bonificacións e se expón ao público durante 15 días hábiles. Polo exposto, o sr. Mahía Prados di que o padrón definitivo podería estar listo a primeiros de maio, e sinala que a moción fala de que a duración bimestral non pode exceder do día 31 de maio. De seguido, e dado que non poden chegar a ese día 31 de maio que se sinala na moción, quere facer unha proposta, que sería que coa máior brevidade posible se xirasen os recibos unha vez publicado o padrón.

25 min 22 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

25 min 36 s: O sr. Varela Filgueiras di que a moción en si parécelle ben, pero que entende que habería que facer algún tipo de cambio na ordenanza, fundamentalmente o que se refire ao artigo número 8 relativo á xestión tributaria e sistema especial de pago.

27 min 02 s: O sr. Martínez Bardanca di que esta cuestión non debería de vir nunha moción, pero que o que pasa é que é unha preocupación neste pobo non saber cando se van a pagar os recibos da rodaxe, e que dende aquí habería que marcar unhas pautas para logo seguir e darlle seguridade á xente de cando vai a pagar o imposto, cuestións estas que foron as que deron lugar a traer esta moción. De seguido di que non hai ningún problema si se quere cambiar a moción e que en lugar de ser nos meses de abril e maio cando se pague sexa nos meses de maio e xuño, pero que o que hai que facer é fixar unhas datas e que tódolos anos sexa nos mesmos prazos. A continuación, e a raíz da intervención do sr. Varela Filgueiras, di que o que están a pedir é que se marque a data de pagamento voluntario do imposto, e que aquí non se está a entrar na ordenanza, porque na ordenanza non di cando é a data de pagamento voluntario.

30 min 08 s: O sr. Mahía Prados intervén para propoñer levar o asunto á vindeira comisión de facenda.


32 min 06 s: O sr. Alcalde di que o máis prudente parécelle abordar o tema no seo da correspondente comisión informativa para poder facer as aportacións de xeito máis sosegado e abordar as reformas que se consideren máis axeitadas.

Faise constar que o presente punto retírase da orde do día co compromiso do goberno de levar o asunto na orde do día da vindeira comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá, co fin de abordar as reformas que se consideren máis axeitadas.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2022-0048 Á 2022-0148, AMBAS INCLUSIVE

33 min 16 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2022-0048 á 2022-0148, ambas inclusive.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2022-0048 á 2022-0148, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

33 min 34 s: Polo sr. Alcalde infórmase de que se quere incluír unha moción pola vía da urxencia, e de seguido dalle a palabra ao sr. Varela Filgueiras.

A.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

33 min 42 s: Polo sr. Varela Filgueiras xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día, indicando que a mesma ven dada polo recente descubrimento de que a data de nacemento de Rosalía de Castro era o día 23 de febreiro e dado que se tiña institucionalizado no Concello o día 24 de febreiro, como o Día de Rosalía, e á vista de que o día de hoxe é propiamente o día 23 de febreiro, preséntase a moción para cambiar a data que se tiña institucionalizado no Concello de Mugardos.

34 min 42 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada polo sr. Varela Filgueiras, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**


Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 6.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

34 min 52 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo ao asunto incluído na orde do día pola vía da urxencia, e de seguido dalle a palabra ao sr. Varela Filgueiras.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

34 min 55 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha breve exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción.

36 min 44 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun primeiro turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste primeiro turno somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre o Día de Rosalía de Castro, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

- 1.- Cambiar a data do día de Rosalía, no noso concello, para o día 23 de febreiro en lugar do 24.
- 2.- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos vecinos e veciñas do noso concello o día 23 de febreiro.
- 3.- Realizar una lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e a demais veciñanza teñan o papel protagonista.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

37 min 06 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo coas preguntas formuladas polo sr. Varela Filgueiras.

37 min 25 s: Polo sr. Varela Filgueiras fórmase pregunta de resposta oral relativa a si ten pensado o Goberno estudar a posibilidade de sumarse ao servizo de información para a xuventude denominado “Europa no teu Concello”, para así formar parte da rede de puntos de información directa e descentralizada nos concellos e que lle darían á nosa xuventude a posibilidade de recibir información, de primeira man, sobre as oportunidades laborais, de formación ou de mobilidade que a Unión Europea está a ofrecer.

38 min 40 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

38 min 42 s: O sr. Mahía Prados, en resposta á pregunta formulada polo sr. Varela Filgueiras, di que aínda que non están dados de alta de xeito oficial si que de forma oficiosa dende o Concello estase a dar información a calquera rapaz que veña a preguntar polo citado programa, e que de feito dispoñen dos dípticos e da





Concello de Mugardos
(A Coruña)

cartelería, e que ademáis se tiñan posto en contacto coa directora de Europa Direct en A Coruña para poder sumarse ao citado servizo.

39 min 44 s: O sr. Varela Filgueiras di que a infraestrutura non é moita, que non é máis que un expositor no que cada semana vaise poñendo a información que procede dese ente.

40 min 09 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

40 min 16 s: Polo sr. Martínez Bardanca formúlase a primeira das preguntas de resposta oral, relativa a si tra-lo desestimento de realizar as obras do edificio da Praza de Abastos a axuda que se solicitara ao GALP, que era unha axuda que viña en tres anos, o Concello terá que devolver a subvención xa recibida ou si só se desiste do que é a parte da obra de reparación do mercado.

41 min 19 s: O sr. Mahía Prados di que o desestimento só é referente á obra e que no Concello non figura ningún tipo nin de solicitude nin de reclamación, e de seguido indica os problemas que xurdiron á hora da redación do proxecto e sinala que xa se presentou o día 8 de febreiro unha nova solitude para o seu financiamento na nova convocatoria que finaliza o día 27.


42 min 56 s: O sr. Martínez Bardanca di que é unha mágoa que non se puidesen cumprir os prazos para realizar esta obra e que xa viran que se solicitara para o vindeiro ano, pero que cren que este tipo de cuestións deberían de ir ás comisións, e pregunta se teñen previsto dar algunha información que lles diga que si que se vai a conceder esa subvención.

43 min 31 s: O sr. Mahía Prados di que todo o que fixeron foi para que lles desen a subvención, e sinala que nos Plenos dáse conta das resolucións da alcaldía e que nesas resolucións incluíase ese tema, polo que se podería ter preguntado sobre este tema nese momento. Para rematar, o sr. Mahía Prados di que o expediente está á disposición do concelleiro.

43 min 59 s: Polo sr. Martínez Bardanca formúlase a segunda das preguntas de resposta oral, relativa a si poderían coñecer o motivo polo que o Concello de Mugardos non executou durante os anos 2020 e 2021 ningún dos proxectos aprobados polo Pleno, téndose concedidas subvencions pola Deputación da Coruña por importe de 787.804,63 euros.

44 min 32 s: O sr. Mahía Prados indica os motivos polos cales non puideron executar as obras, entre os que sinala a falta de crédito, a ausencia de pregos para poder licitar as obras, a paralización dos prazos administrativos durante 3 meses durante o ano 2020, por mor da declaración dos estado de alarma, así como a





Concello de Mugardos
(A Coruña)

escalada dos prezos e o desabastecemento de materias primas. De seguido, o sr. Mahía Prados di que na actualidade xa pasaron pola Xunta de Goberno Local varios pregos pendentes e que nalgúns casos xa só se está pendente das baixas temerarias, e que noutros casos están pendentes informes e autorizacións de Costas. E para rematar, o sr. Mahía Prados sinala que unha vez asinada a liquidación do orzamento todas as obras que están aprobadas en Xunta de Goberno e pendentes da disposición de crédito saíran a adxudicación.

51 min 04 s: O sr. Martínez Bardanca fai unha relación dos distintos investimentos que están pendentes de executar, e sinala que entende que houbo diversos problemas, pero que se fixeron modificacións de crédito para executar as obras, polo que non se puido tratar dun problema económico, e subliña que ademais o 80% das obras do POS dos demais concellos están executadas e no Concello de Mugardos está executado o 0%. E remata dicindo que non sabe si se trata dun problema de xestión ou se é un problema electoralista e están esperando ao último ano para sacar tódalas obras, aínda que non cré que sexa este último motivo.

54 min 24 s: O sr. Mahía Prados di, sobre os investimentos aos que fixo mención o sr. Martínez Bardanca, que está pendente a liquidación, xa que o crédito xa está, e que con carácter previo a poder executar ou licitar unha obra hai que dispoñer de crédito, e que aínda que é certo que se fixeron modificacións de crédito a liquidez do Concello non permitía poder facer fronte a todos eses investimentos, xa que, a maior abundamento, os cartos das subvencións da Deputación danse a posteriori. Xa para rematar, sinala que non se trata de electoralismo ningún e que en canto se poden executar os investimemos estes se executan.

56 min 49 s: O sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro quere efectuar algún rogo e de seguido dá a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

57 min 01 s: O sr. Martínez Bardanca roga que se presente a Conta Xeral, á maior brevidade posible, e lembra que o POS deste ano aínda non veu a Pleno e querían saber cales obras se van a incluír nel.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretaria Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=40>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
5d0ba89849e7b062ba50f2386b1de3b0d9ff82538b6f42febe67c076d263b2cf

Vº e praxe
O ALCALDE

